

Co financiamento de:



### **CAMPAÑA MENSUAL POLO**

**8 de marzo do 2024, Día Internacional das Mulleres**

### **OBRADOIRO DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE: TRABALLAR OS NESGOS INCONSCIENTES DE XÉNERO**

#### ***A quen vai dirixido?***<sup>1</sup>

Nesta ocasión, o Gabinete de Igualdade de CCOO Galicia organiza unha xornada interna, dirixida a todas as persoas da estrutura que desexen asistir.

#### ***Onde?***

Unións comarcais do Sindicato en Galicia: A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo.

#### ***Cando?***

A Coruña: 6 de marzo

Lugo: 7 de marzo

Santiago de Compostela: 14 de marzo

Vigo: 15 de marzo

#### ***Cal é o obxectivo?***

Este ano, co gallo da reivindicación do 8 de Marzo, esta campaña interna quere visibilizar as dificultades que carrexan os nesgos inconscientes de xénero para alcanzar unha verdadeira igualdade entre mulleres e homes no mercado laboral galego e, por extensión, na sociedade. Preténdese unha maior concienciación das persoas que compoñen esta organización feminista.

Para iso, un dos obxectivos principais deste obradoiro é describir o funcionamento dos nesgos culturais desiguais, que interveñen día a día no traballo e na vida e que, cando non se frean ou eliminan, contribúen irremediabilmente a compoñer as fendas de xénero que afrontan as mulleres nas relacións persoais, sociais e laborais; esas fendas que este sindicato comprometeuse desde hai anos a erradicar.

#### ***Como?***

- ⇒ **Sesión informativa:** o Gabinete de Igualdade expoñerá a posición do Sindicato, achegando descrições de conceptos e explicacións sobre a estrutura social desigual en que asentan as fendas de xénero, así como mencionando as ferramentas de que dispoñemos para combatela.
- ⇒ **Sesión lúdico-reivindicativa:** visionado de curtametraxes sobre situacións de desigualdade sufridas polas mulleres na vida cotiá.
- ⇒ **Sesión de debate:** posta en común sobre o contido teórico e mais os visionados.

---

<sup>1</sup> Tamén será ben recibida a afiliación e novas delegados e delegadas.